

RESOLUCIÓN do 22 de abril do 2024 da comisión de valoración, nomeada por Resolución do 29 de xaneiro do 2024, que deberá cualificar o proceso selectivo excepcional de estabilización, mediante o sistema de concurso, convocado pola Resolución do 29 de decembro do 2022 (DOG nº 248 do 30 de decembro do 2022) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación dos Niveis I, II e III, derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola que se aproba e fan públicos os resultados definitivos da proba de lingua galega.

Primeiro.- Con data 22 de marzo do 2024, segundo o acordo da comisión de valoración de data 7 de marzo que foi publicado na páxina web da Corporación RTVG, realizáronse as probas correspondentes á acreditación do coñecemento de lingua galega. Na dita convocatoria figuraban as persoas que estaban convocadas para a realización.

Segundo.- Por Resolución de data 4 de abril do 2024 da presidencia da comisión, publicada na páxina web o 5 de abril, fixéronse públicas as listaxes provisionais de cualificacións da proba de lingua galega realizada.

Terceiro.- O prazo de alegacións contra os resultados das listaxes provisionais abrangía dende o día 8 ao 19 de abril, ambos incluídos. O dito prazo rematou sen que se tivese presentado ningunha alegación.

Cuarto.- En sesión que tivo lugar o 22 de abril do 2024, a comisión de valoración acordou elevar a definitivas as listaxes provisionais tal e como figuraran, co resultado que figura no anexo.

Á vista do anterior cómpre:

Primeiro.- Asignar, ás persoas aspirantes das categorías dos niveis salariais I e II, as puntuacións definitivas de apto/a ou non apto/a segundo figuran no anexo.

Segundo.- Facer pública na páxina web da Corporación RTVG a listaxe de persoas coas cualificacións definitivas obtidas correspondentes ás categorías dos niveis salariais I e II.

Terceiro.- Contra a presente resolución as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada ante o Director Xeral da Corporación, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da CRTVG, consonte co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela
María Dolores Rivera Frade
Presidenta da comisión de valoración-Niveis I, II e III
Asinado electronicamente

Anexo I – Resultados definitivos da proba de lingua galega

NIVEL SALARIAL I

CELGA 4		
Apelidos e nome	DNI	RESULTADO
DAPIA FREITAS, MARIA DEL PILAR	***3238**	NON PRESENTADO
PEREZ-LIRON MARTINEZ, JACOBO	***8849**	NON PRESENTADO
PINTOR BARRAN, JESSICA	***4845**	APTO

NIVEL SALARIAL II

CELGA 3		
Apelidos e nome	DNI	RESULTADO
COSSINI BENCHIMOL, EMILIANO JULIAN	***8171**	APTO
RIVERO MARTINEZ, JOSE ALBERTO	***5859**	APTO